

RESUMO DAS MODIFICACIÓNS NA NORMATIVA

Henrique Monteagudo

A reforma das Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego que a Real Academia Galega acaba de aprobar culmina o proceso emprendido hai dous anos pola Asociación Socio-Pedagóxica, o Instituto da Lingua Galegas e os departamentos de galego das tres universidades. As mudanzas máis importantes son:

* As Normas de 1982 favorecían a solución *ó*, na redacción actual dáse clara preferencia a *ao* (*caeu ao chan*). Dáse prederencia ao sufixo *-aría* (*libraría, Consellaría*). A solución *-bel / beis* (*amábel, amábeis*), que antes era desaconsellada, agora é plenamente admitida cabo da súa alternativa *-ble, bles*. A forma *-lo* do artigo usarase só coa preposición *por* (*polo, pola*) e co adverbio interrogativo *u* (*u-lo coitelo?*).

* Rematan en *zo / za* as palabras *diferenza, espazo, graza, licenza, nacenza, presenza, sentenza, servizo, terzo* e algunha outra de menor uso. Hai que ter en conta que as familias destas palabras presentan irregularidades (así, *diferencial, espacial, servicial, terciario...*). *Galiza* é recoñecida como denominación tradicional e literaria do país, aínda que *Galicia* se mantén como denominación oficial. Engádense ó grupo de substantivos rematados en *-u* os seguintes: *bacallau, pau; chapeu, romeu, xubileu*. Rematan en *-o*: *tribo* e *ímpeto*. Acomópanse ó esquema *irmán* (masculino) / *irmá* (feminino) palabras como *alemán, capitán, catalán ou musulmán*.

* Recoñécense como plenamente admisibles os adverbios de lugar *aquén* e *alén*, o relativo posesivo *cuxo*, as preposicións e locucións *a respecto de, alén/ aquén de, após, até* (cabo de *ata*) e *canto a*, e as conxuncións e locucións adversativas *no entanto* e *porén*.

* Os signos de interrogación e exclamación poden non empregarse no inicio do enunciado, sempre que non haxa risco de ambigüidade (*Quen petou? Case é tolo!*). En casos en que existían dúbidas canto á aglutinación de palabras, fíxanse as seguintes solucións: *acotío, amodo, apenas, decontado, decotío, deseguido, devagar, enseguida, talvez*.

* O nome da letra <q> pasan a ser 'que'. Recupéranse as formas medievais *vogal* (sustantivo, para referirse a letras e sons) e *estudar, estudante*.

* Nos grupos consonánticos *cc* e *ct*, suprímese a consoante que segue as vogais *i* e *u* (*produto, aflición*), excepto en palabras moi cultas (*dúctil*). Recupéranse as formas medievais *reitor* (cos seus derivados *reitoría, reitoral*) e *seita* (pero *sectario*).

En todo caso, non hai que esquecer que en materia de lingua os falantes son os soberanos: a Academia propón e o pobo dispón. Xa que logo, a palabra téñena agora os sectores máis directamente responsables da aprendizaxe e uso correcto do idioma (lingüistas, ensinantes, escritores e xornalistas, editores) e a sociedade no seu conxunto, que é a destinataria última da iniciativa.